



Concello de Outeiro de Rei

SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 18 DE FEBREIRO DE 2022

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día dezoito de febreiro de dous mil vintedous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín; D^a Pilar Méndez Lombao; D. Antonio López Pérez; D. Jesús Fernández García; D^a María José Martínez Vigo; D. Luis Varela Pérez; D^a Tania Díaz Seijas; D. Xosé Ferreiro Fernández; D^a Elvira Lombao Vila e D^a María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Dona Begoña Seco Varela incorporase no terceiro punto da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2021

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta correspondente á sesión celebrada o día 29 de decembro de 2021.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación de dita acta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

2-RECURSO DE REPOSICIÓN FRONTE Á APROBACIÓN DEFINITIVA DA DECLARACIÓN DE NECESIDADE DE OCUPACIÓN DA SENDA PEONIL E CICLISTA DE OUTEIRO DE REI A GUILLAR.

O alcalde da conta da seguinte proposta de resolución:

“José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expongo:

O Concello de Outeiro de Rei presentou varios proxectos ao abeiro do Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020.





Concello de Outeiro de Rei

A solicitude de subvención foi resolta mediante a resolución “por la que se estima FAVORABLEMENTE la solicitud de ayuda de AYUNTAMIENTO DE OUTEIRO DE REI, titular de CIF: P2703900G, formulada en el contexto del Real Decreto 616/2017, de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa Operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020 (B.O.E. nº 144, de 17 de junio de 2017) modificado por el Real Decreto 1516/2018, de 28 de diciembre (B.O.E. nº 314, de 29 de diciembre de 2018)”.

Unha das actuacións subvencionadas é a “SENDA PEATONAL Y CICLISTA DESDE EL NÚCLEO URBANO DE OUTEIRO DE REI A GUILLAR”.

O proxecto foi redactado por PROYESTEGAL en decembro de 2020.

O obxecto do proxecto é a execución das obras de dotación de infraestructuras necesarias para o tráfico peonil no núcleo urbán de Outeiro de Rei, dando cumprimento deste xeito ás determinacións da Lei de accesibilidade de Galicia así coma aos obxectivos de redución de emisións asumido por este concello no Pacto dos Alcaldes polo clima e a enerxía.

Dita actuación incardínase dentro da competencia municipal recollida no artigo 25.2 LBRL, medio ambiente urbano así coma infraestructura viaria.

Dito proxecto non pode executarse sen ampliar a plataforma do actual vial polo que discurre de xeito paralelo, xa que non é posible mermar a largura actual sen afectar de xeito perxudicial ao tráfico de vehículos a motor.

O proxecto acada un investimento de 268.074,67 euros máis IVE.

Acreditada, polo tanto, a necesidade da expropiación para a execución do proxecto, a Xunta de Goberno, o día 22 de abril de 2021 aprobou o proxecto técnico “SENDA PEATONAL Y CICLISTA DESDE EL NÚCLEO URBANO DE OUTEIRO DE REI A GUILLAR, redactado por PROYESTEGAL en decembro de 2020, así coma a relación de bens e dereitos e expropiar e a taxación dos mesmos.

Asemade, aprobou provisionalmente a declaración de necesidade de ocupación da seguinte relación de bens e dereitos a expropiar contida no ANEXO

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954, abríuse un prazo de información pública de quince días hábiles, durante os cales calquer persoa poderá acceder ao expediente, e aportar por escrito os datos oportunos para rectificar posibles erros ou opoñerse, por razóns de fondo ou de forma á





Concello de Outeiro de Rei

necesidade de ocupación ou formular alegacións aos efectos de subsanar erros na presente relación.

Tanto o proxecto técnico coma o proxecto de expropiación estiveron a disposición do público no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, na dirección electrónica <https://outeiroderei.sedelectronica.gal>.

Unha vez rematado o período de información pública, a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 18 de xuño de 2021 acordou aprobar definitivamente o proxecto técnico “SENDA PEATONAL Y CICLISTA DESDE EL NÚCLEO URBANO DE OUTEIRO DE REI A GUILLAR, redactado por PROYESTEGAL en decembro de 2020, así coma a relación de bens e dereitos e expropiar recollida no ANEXO e a súa declaración de necesidade de ocupación.

O día 8 de outubro publicouse no BOP a aprobación definitiva e, asemade, practicáronse as notificacións aos interesados.

O día 26 de outubro de 2021, don José Flores Vigo presentou recurso de reposición fronte o acto de aprobación definitiva da declaración de necesidade de ocupación, alegando:

- A ausencia de levantamento de acta previa de ocupación, tal e coma esixe o procedemento de expropiación por vía de urxencia.
- A ausencia na relación de bens e dereitos a expropiar de determinados bens afectados, concretamente de 31 pes de piñeiros e 48 ml, de peche de pedra cunha altura media de 90cms.

Á vista de ditas alegacións cabe expoñer:

En primeiro lugar, o procedemento seguido non é o propio da tramitación urxente, motivo polo cal non se procederá á ocupación dos terreos en tanto non se fixe definitivamente o xustiprezo. Isto significa que non é necesario levantar acta previa de ocupación. Por tal motivo dito alegato debe ser desestimado.

No que atinxe aos bens a integrar na relación de bens e dereitos, infórmase que no proxecto de obras prevese a reconstrución do muro de peche de pedra afectado, motivo polo cal non procede aboar indemnización algunha por este motivo.

Recórdase asemade que no acto de aprobación definitiva da relación de bens e dereitos non se aproba definitivamente o xustiprezo, senón que se inicia o procedemento para a súa fixación, motivo polo cal a resolución do presente recurso non abrangue a proposta de xustiprezo que remite o interesado conxuntamente co recurso. Dita proposta





Concello de Outeiro de Rei

será obxecto de análise na resolución que fixe definitivamente o xustiprezo expropiatorio.

Por todo o cal PROPOÑO a Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

DESESTIMAR o recurso de reposición interposto por José Flores Vigo o día 29 de outubro de 2022”.

Non xurdindo debate, sométese a votación a aprobación do recurso de reposición.

Realizada a votación, a aprobación do recurso de reposición fronte á aprobación definitiva da declaración de necesidade de ocupación da senda peonil e ciclista de Outeiro de Rei a Guillar queda aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do PP, e tres abstencións dos concelleiros do BNG e da concelleira do PsdG-PSOE.

O alcalde disculpa o retraso da concelleira Begoña Seco Varela por asuntos laborais.

3-DECLARACIÓN DE COMPATIBILIDADE DA CONCELLEIRA PILAR MÉNDEZ LOMBAO.

O alcalde defende a seguinte proposta de acordo:

“O día 28 de xaneiro de 2022, a concelleira con adicación parcial, dona Pilar Méndez Lombao, solicitou do Pleno da Corporación declaración de compatibilidade para o exercizo de unha segunda actividade no sector público, con carácter esporádico ou non temporal, mediante a participación en bolsas de emprego temporais (fundamentalmente substitucións).

De conformidade co disposto no artigo quinto da *Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas*.

1. Por excepción, el personal incluido en el ámbito de aplicación de esta Ley podrá compatibilizar sus actividades con el desempeño de los cargos electivos siguientes:

a) Miembros de las Asambleas Legislativas de las Comunidades Autónomas, salvo que perciban retribuciones periódicas por el desempeño de la función o que por las mismas se establezca la incompatibilidad.

b) Miembros de las Corporaciones locales, salvo que desempeñen en las mismas cargos retribuidos en régimen de dedicación exclusiva.

2. En los supuestos comprendidos en este artículo sólo podrá percibirse la retribución correspondiente a una de las dos actividades, sin perjuicio de las dietas, indemnizaciones o asistencias que correspondan por la otra. No obstante, en los supuestos de miembros de las Corporaciones locales en la situación de dedicación parcial a que hace referencia el artículo 75.2 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, se podrán percibir retribuciones por tal dedicación, siempre que la desempeñen fuera de su jornada de trabajo en la Administración, y sin superar en ningún





Concello de Outeiro de Rei

caso los límites que con carácter general se establezcan, en su caso. La Administración en la que preste sus servicios un miembro de una Corporación local en régimen de dedicación parcial y esta última deberán comunicarse recíprocamente su jornada en cada una de ellas y las retribuciones que perciban, así como cualquier modificación que se produzca en ellas.

Para el ejercicio de la segunda actividad será indispensable la previa y expresa autorización de compatibilidad, que no supondrá modificación de la jornada de trabajo y horario de los dos puestos y que se condiciona a su estricto cumplimiento en ambos.

Considerando que o exercizo de unha segunda actividade pola Concelleira non implicará unha merma da súa adicación ao Concello de Outeiro de Rei, e non advertindo circunstancia algunha que permita intuir un perxuízo para o interese público, PROPOÑO ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:

AUTORIZAR á Concelleira dona Pilar Méndez Lombao, para o exercizo de unha segunda actividade no Sector Público, de xeito que non implique unha modificación da xornada de traballo nin unha merma da adicación e responsabilidade debida”.

O alcalde inicia o debate para darlle a incompatibilidade a esta concelleira, que nin sequera a necesaria, porque non ten un posto fixo en ningún traballo e non ten dedicación exclusiva. A concelleira necesita traballar posto que a política non aporta unha renda económica suficiente.

O alcalde propón que o Pleno lle autorice a compatibilidade para ter outro posto de traballo.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro di que o BNG no seu momento votou en contra de incluír dúas adicacións de concelleiros polo que tampouco van votar a favor de que permita compatibilizar con outro traballo fora do concello.

No seu momento defenderon que ditas adicacións non eran necesarias e, por desgracia, o tempo lles deu a razón. Non se nota en absoluto na xestión municipal esas dúas dedicacións.

Consideran que é normal que a concelleira teña un traballo xa que a política é pasaxeira, pero o lóxico é que fora cesada e dada de alta de novo cando remate ese contrato ou substitución.

Non lles parece normal que cos problemas de traballo desta sociedade haxa xente que por adicarse á política poida desempeñar dous traballos distintos, un na política e outro fóra dela.

Polo tanto van a votar en contra da proposta de acordo.





Concello de Outeiro de Rei

O alcalde contestalle ao concelleiro do BNG que non votaron en contra de dúas dedicacións exclusivas, votaron en contra de dúas medias dedicacións.

Di que se fora dedicación completa serían 50.000 euros e vostede, dirixíndose ao concelleiro do BNG, cando tivo dedicación exclusiva dalgunha administración cobraba máis de 50.000 euros.

O concelleiro do BNG intervén dicindo que iso é mentira e pódese demostrar con documentos e, asemade, non cobraba de dous sitios.

O alcalde replícalle ao concelleiro do BNG que todos os seus compañeiros no Concello de Lugo e na Deputación de Lugo teñen unha adicación exclusiva.

O Alcalde considera que esta concelleira cumpre unha función importante e, polo tanto, que debe de manter esa media dedicación ao tempo que debe poder traballar noutro sitio.

Sométese a votación da declaración de compatibilidade da concelleira Pilar Méndez Lombao.

Realizada a votación da declaración de compatibilidade queda aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do PP, dous votos en contra correspondentes aos concelleiros do BNG e as abstencións da concelleira do PSdG-PSOE e máis da concelleira do PP Pilar Méndez Lombao.

4-MODIFICACIÓN PUNTUAL DE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

O Alcalde inicia o debate explicando que esta modificación afecta soamente ao posto de traballo do Secretario, xa que neste momento está a praza vacante.

Explica que o Secretario está exercendo moitas función que por lei non están atribuídas aos postos de habilitación de carácter nacional. Non obstante, por razóns de eficacia e economía necesítase que neste Concello se sigan facendo por parte do Secretario ou Secretaria que cubra esa praza no seu momento.

Asemade, propón fixarse o baremo de méritos para a provisión dos postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación nacional, baremo que sería o seguinte:

“Na provisión do posto de **Secretaría**, de considerarse oportuna a provisión no concurso ordinario, teranse en conta os seguintes méritos específicos:

A) Publicacións de manuais ou artigos (ata un máximo de 0,60 puntos): O contido





Concello de Outeiro de Rei

dos manuais ou artigos versarán sobre materias relacionadas co persoal, emprego público e xestión de recursos humanos, contratación pública, urbanismo e medio ambiente, xestión de servizos públicos, organización e funcionamento das entidades locais e administración electrónica. Valoraranse só os manuais e/ou artigos aparecidos en publicacións con **ISBN** ou **ISSN**.

As citadas publicacións serán valoradas a razón de 0,10 puntos por cada manual ou artigo. Considérase necesario valorar positivamente as publicacións relacionadas coas materias enumeradas anteriormente, directamente relacionadas coas características e funcións correspondentes ao posto de traballo de Secretaría que implican o estudo en profundidade, a especialización e a excelencia nas materias anteriormente enumeradas que, ao referirse ás propias da actividade municipal, implican a adquisición duns coñecementos que resultarán positivos para a eficacia e eficiencia municipais.

B) Actividade docente (ata un máximo de 0,60 puntos): Actividades de dirección, **tutorización** e/ou impartición en accións formativas (excluindo congresos, conferencias, xornadas e simposios, encontros ou similares) que versen sobre materias relacionadas co persoal, emprego público e xestión de recursos humanos, contratación pública, urbanismo e medio ambiente, xestión de servizos públicos, organización e funcionamento das entidades locais; procedemento administrativo e réxime xurídico do sector público e administración electrónica. Soamente será valorada a actividade docente en accións formativas homologadas ou recoñecidas polo **INAP**, EGAP, Universidades ou outras entidades de Dereito Público con competencias en materia de formación ao persoal ao servizo do Sector Público, a razón de 0,10 puntos por acción formativa impartida, dirixida ou **tutorizada**. Acreditarase mediante certificado emitido polo organismo competente.

A valoración deste mérito está vinculada directamente ás funcións do posto, xa que a actividade docente implica o estudo en profundidade, a especialización e a excelencia nas materias que se imparten; que, ao referirse ás propias da actividade municipal, implican a adquisición duns coñecementos que resultarán positivos para a eficacia e eficiencia municipais.

C. Experiencia profesional: (ata un máximo de 0,3 puntos) Por prestar servizos como Secretario de entrada en municipios de características similares (entendendo como tales a aqueles con poboación comprendida entre os 5000 e os 8000 habitantes), a razón de 0,01 puntos por mes traballado.

Na provisión do posto de **Intervención**, de considerarse oportuna a provisión no concurso ordinario, teranse en conta os seguintes méritos específicos:

A) Publicacións de manuais ou artigos (ata un máximo de 0,60 puntos): O contido dos manuais ou artigos versarán sobre materias relacionadas co persoal, emprego público e xestión de recursos humanos, contratación pública, urbanismo e medio ambiente, xestión de servizos públicos, organización e funcionamento das entidades locais, xestión económico-financeira, contabilidade, lexislación tributaria e orzamentaria e administración





Concello de Outeiro de Rei

electrónica. Valoraranse só os manuais e/ou artigos aparecidos en publicacións con ISBN ou ISSN.

As citadas publicacións serán valoradas a razón de 0,10 puntos por cada manual ou artigo. Considérase necesario valorar positivamente as publicacións relacionadas coas materias enumeradas anteriormente, directamente relacionadas coas características e funcións correspondentes ao posto de traballo de Secretaría que implican o estudo en profundidade, a especialización e a excelencia nas materias anteriormente enumeradas que, ao referirse ás propias da actividade municipal, implican a adquisición duns coñecementos que resultarán positivos para a eficacia e eficiencia municipais.

B) Actividade docente (ata un máximo de 0,60 puntos): Actividades de dirección, tutorización e/ou impartición en accións formativas (excluíndo congresos, conferencias, xornadas e simposios, encontros ou similares) que versen sobre materias relacionadas co persoal, emprego público e xestión de recursos humanos, contratación pública, urbanismo e medio ambiente, xestión de servizos públicos, organización e funcionamento das entidades locais, xestión económico-financeira, contabilidade, lexislación tributaria e orzamentaria e administración electrónica. Só será valorada a actividade docente en accións formativas homologadas ou recoñecidas polo INAP, EGAP, Universidades ou outras entidades de Dereito Público con competencias en materia de formación ao persoal ao servizo do Sector Público, a razón de 0,10 puntos por acción formativa impartida, dirixida ou tutorizada. Acreditarase mediante certificado emitido polo organismo competente. A valoración deste mérito está vinculada directamente ás funcións do posto, xa que a actividade docente implica o estudo en profundidade, a especialización e a excelencia nas materias que se imparten; que, ao referirse ás propias da actividade municipal, implican a adquisición duns coñecementos que resultarán positivos para a eficacia e eficiencia municipais.

C. Experiencia profesional: (ata un máximo de 0,3 puntos) Por prestar servizos como Interventor de entrada en municipios de características similares (entendendo como tales a aqueles con poboación comprendida entre os 5000 e os 8000 habitantes), a razón de 0,01 puntos por mes traballado”.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro fai uso da súa palabra expoñendo que cando se aprobou a actual RPT estaban en contra da mesma por ser unha RPT feita para beneficiar a un par de funcionarios moi concretos. Se daquela estaban en contra, moito máis agora dese cambio. Está convencido que se intenta facer outra cacicada máis con este cambio, e expresa a súa convicción de que se está preparando a praza para alguén relacionado co Partido Popular.

Espera que o funcionario de veña sexa unha persoa que teña algo de personalidade xa que de entrada entra totalmente cuestionado, que saiba facer o su traballo e que se





Concello de Outeiro de Rei

comporte como Secretario da corporación e non como neste caso o noveno concelleiro do PP.

O Alcade contéstalle que dende que chegou á corporación soamente se adicou a difamar, terxiversar e buscar conflitos. Sorte que os veciños/as do Concello non lles fan moito caso ás súas declaracións e aos seus panfletos. Na páxina web do Concello está colgado o pleno e estase transmitindo en directo porque queren que haxa transparencia.

Prefiren que chegue un Secretario ou Secretaria que diga “eu fago única e exclusivamente as funcións de Secretario xeral”, funcións que son moi limitadas.

En relación á RPT, estabreceuse un salario igual para todos os postos da mesma categoría sen que exista discriminación algunha. Non hai como ver as nóminas dos traballadores.

O alcalde cree que o que desexaría o concelleiro do BNG é ter unha bolsa importante de produtividade para repartila á vontade do alcalde, como fan noutras administracións. Pero neste concello decidiuse incorporar esa masa salarial ao complemento específico, co gallo de evitar arbitrariedades.

Non sabe se quere dicir que neste concello o persoal cobra moito ou cobra pouco. Precisamente no día de hoxe publícase na Voz de Galicia o porcentaxe do gasto de persoal por habitante nos concellos de Galicia e o concello de Outeiro de Rei ten un custo por habitante menor que nas cidades.

Di o alcalde que neste concello son claros, precisos e creen que cando un funcionario do máis alto nivel ten unha responsabilidade máis alá das súas obrigas debe ter un complemento específico axeitado. Isto vale para todos os funcionarios deste concello.

O alcalde afirma que este equipo de goberno seguirá facendo a política que se fixo dende fai 40 anos e irase adaptando ás circunstancias e aos tempos. O concello ten os mellores servizos de toda a Provincia e comparable cos concellos onde goberna o BNG.

Sométese a votación da modificación de relación de postos de traballo

Realizada a votación da modificación de relación de postos de traballo queda aprobada con nove votos a favor, pertencentes aos concelleiros do PP, dous en contra dos concelleiros do BNG e unha abstención da concelleira do PSdG-PSOE.

5-APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

Co gallo de dotar de un marco xurídico regulador á xestión das instalacións deportivas municipais, con data de 10 de decembro de 2021 iniciouse o período de consultas previo á formulación do proxecto de ordenanza reguladora do uso de





Concello de Outeiro de Rei

instalacións deportivas.

Rematado o período de consultas, e non constando a aportación de suxerencia ou proposta algunha, propónse ao Pleno da Corporación a aprobación inicial da seguinte:

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Os poderes públicos conforme ao artigo 43.3 da Constitución Española deben promover a educación física e o deporte, facilitando a adecuada utilización do lecer.

Neste sentido, o artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local atribúe aos Concellos a competencia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

Pola súa banda, segundo o artigo 8 da Lei 3/2012, do 2 de abril, de deporte de Galicia,

Os municipios, nos termos que dispón a presente lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

1. *Fomentar, promover e difundir o deporte, especialmente o deporte en idade escolar.*

2. *Promover e, no seu caso, executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa Administración autonómica, así como coa colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.*

3. *Construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal e, no seu caso, a xestión e mantemento das de titularidade autonómica cuxo uso e xestión sexanlles cedidos, tendo en conta a cualificación adecuada do persoal responsable para esas finalidades.*

4. *Velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade, procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso destas e coidar as súas condicións de hixiene e seguridade.*

5. *Fomentar e apoiar a creación de asociacións deportivas no seu ámbito territorial, especialmente nos centros de ensino, barrios e centros de traballo.*





Concello de Outeiro de Rei

6. Procurar que nos plans de ordenación urbanística establézanse as reservas de espazos e cualificacións de zonas para a práctica do deporte, así como a instalación de equipamentos deportivos e levar un censo actualizado no seu ámbito territorial de instalacións deportivas de uso público, tanto de titularidade pública como privada.

7. Autorizar, de conformidade cos requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fose das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal.

8. Organizar campionatos e eventos deportivos de carácter local.

9. Calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local ou que lles poida ser atribuída legal ou regulamentariamente e que contribúa aos fins ou obxectivos da presente lei.

10. Os concellos de máis de 5.000 habitantes contarán cunha área de deportes, que poderá ser mancomunada, para contribuír a levar a actividade físico-deportiva a toda a cidadanía e garantir o pleno aproveitamento social das instalacións.

Por todo iso, e en cumprimento das citadas competencias, constitúe o obxecto da presente ordenanza a regulación do réxime de utilización e xestión das distintas instalacións deportivas municipais, garantindo os dereitos dos usuarios e establecendo as necesarias obrigacións ou deberes destes.

A necesidade de manter en perfecto estado o patrimonio deportivo municipal, a introdución de normas básicas de respecto e convivencia no seu interior e o interese por utilizar responsablemente os recursos públicos son argumentos que motivan o impulso desta ordenanza.

Estes argumentos xustifican o interese que a súa redacción implica para os cidadáns, interesados no bo funcionamento da administración local.

TITULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto da Ordenanza.

A presente norma ten por obxecto establecer o réxime de solicitude, uso e acceso ás instalacións deportivas municipais do Concello de Outeiro de Rei de acordo aos fins para os que foron construídas e aos obxectivos municipais en materia deportiva, entre os que se atopan xeneralizar a práctica deportiva entre a poboación, compartindo os usos das instalacións deportivas entre os cidadáns particulares, as asociacións, entidades privadas e clubs deportivos.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.





Concello de Outeiro de Rei

A Ordenanza ten por obxecto regular o réxime xurídico, xestión, uso e utilización das instalacións deportivas titularidade do Concello de Outeiro de Rei.

A presente norma será de aplicación á totalidade das instalacións deportivas municipais nos termos establecidos no artigo terceiro.

Artigo 3. Concepto de Instalación Deportiva.

Enténdese por instalación deportiva, para os efectos desta Ordenanza, toda instalación, campo, dependencia ou espazo, de calquera característica, tanto ao aire libre como cuberta, pechada como aberta, dedicada á práctica do deporte e a actividade física, en toda a súa gama de modalidades, posibilidades ou finalidades, incluíndo as zonas de equipamento, complementarias ou funcionalmente necesarias para o desenvolvemento da actividade deportiva.

Artigo 4. Instalacións Deportivas Municipais.

As instalacións deportivas cuxo titular sexa o Concello de Outeiro de Rei, terán a consideración de instalacións deportivas municipais.

Poderán ter a condición de instalacións deportivas municipais aquelas cedidas por calquera título xurídico ao Concello de Outeiro de Rei para a súa xestión ou explotación, así como as propias desta entidade cedidas a calquera organismo, club ou particular. Estas instalacións rexeranse polo establecido na presente Ordenanza salvo que o instrumento de cesión establecese un réxime propio de xestión ou explotación.

Artigo 5. Cualificación xurídica dos bens destinados ao servizo público de deportes.

1. De conformidade co establecido na normativa sobre bens das Entidades Locais, as instalacións deportivas municipais terán a cualificación de bens de dominio público, afectos ao uso público ou a prestación do servizo público do deporte.

2. Teñen a mesma cualificación, os bens mobles afectados de forma permanente a calquera instalación deportiva municipal, tanto daqueles destinados especificamente á práctica deportiva como daqueles destinados ao mantemento das instalacións e equipamentos.

Artigo 6. Uso das instalacións.

1. Nos termos previstos na presente Ordenanza, as instalacións deportivas municipais teñen como fin a práctica física e deportiva, xa sexa de lecer e tempo libre, ensino, adestramento, competición ou exhibición das modalidades para as que foron deseñadas, ou daqueles outras cuxas características permitan un uso compatible das mesmas, previa autorización expresa do Concello de Outeiro de Rei.





Concello de Outeiro de Rei

2. Mediante autorización municipal previa poderanse acoller actos deportivos distintos dos establecidos no apartado anterior, así como actividades culturais ou sociais. Dita autorización terá carácter discrecional, segundo dispoñibilidade e cuxo exercicio resulte tecnicamente posible.

Artículo 7. Acceso ás instalacións deportivas.

1. As instalacións deportivas municipais son de acceso libre para todos os veciños do Concello de Outeiro de Rei, sen outras limitacións que as establecidas nas leis ou nesta Ordenanza, as propias do uso ao que están destinadas e ao pago – no seu caso- das taxas en vigor para a actividade de que se trate.

Por conseguinte, abranse ao público para a práctica deportiva, o lecer, o desenvolvemento de programas de promoción, iniciación, adestramento ou competición deportiva, teñan ou non carácter municipal, estando para iso ao dispor de cantas federacións, clubs e demais figuras asociativas dentro do deporte, centros docentes e en xeral as persoas físicas ou xurídicas que concierten ou accedan puntualmente á súa utilización nas condicións reguladas por medio de Ordenanza.

2. Os horarios de apertura e peche estarán expostos en lugar visible da instalación para información de todos os usuarios, procurándose en todo momento o maior horario posible que permita a súa máxima rendibilidade deportiva e social.

Artigo 8. Usuarios.

1. A efectos da presente Ordenanza, enténdese por usuarios das instalacións deportivas municipais toda persoa física ou xurídica que utilicen estas, ben participando en programas deportivos programados, ben participando como cesionario dos devanditos espazos deportivos.

2. Os acompañantes e espectadores terán a consideración de usuarios pasivos, aplicándose estas normas ata onde poida chegar a súa responsabilidade durante a súa estancia na instalación.

Artigo 9. Dereitos dos usuarios.

Os usuarios das instalacións deportivas, con carácter xeral terán os seguintes dereitos, sen prexuízo dos recoñecidos de acordo coa normativa vixente nas súas relacións coas Administracións Públicas:

a) Ser tratados con respecto e deferencia polo persoal que presta os seus servizos na instalación deportiva, podendo en todo momento solicitar a súa identificación.

b) Usar e gozar, de acordo ás normas de uso establecidas e previo pago da taxa vixente, de todos os servizos que preste a instalación.





Concello de Outeiro de Rei

c) Gozar das instalacións, o mobiliario e o equipamento deportivo en boas condicións de uso.

d) Presentar as queixas, suxerencias ou reclamacións que estimen convenientes por escrito nas follas dispoñibles das instalacións ou nas propias oficinas municipais.

e) Ser informado sobre as condicións de uso da Instalacións Deportivas Municipais, así como sobre os programas deportivos ofertados nelas.

f) Formular as suxerencias que considere oportunas para a mellora da xestión das instalacións deportivas municipais, así como as reclamacións que estime en relación co funcionamento das mesmas.

g) Calquera outros dereitos recoñecidos pola lexislación vixente e na presente Ordenanza

Artigo 10. Obrigas dos usuarios.

1. Son obrigas dos usuarios:

a) Facer uso das instalacións e espazos deportivos de acordo coas normas xerais establecidas nesta Ordenanza ou as específicas que rexan a actividade ou uso do espazo deportivo e, no seu caso, das instrucións dadas polo persoal da instalación, responsabilizándose de calquera danos que causen nas mesmas.

b) Gardar o debido respecto aos demais usuarios e ao persoal das instalacións deportivas.

c) Abonar as taxas establecidas pola utilización das instalacións deportivas ou polos servizos correspondentes, nos termos establecidos por medio de Ordenanza e nas Ordenanzas Fiscais.

d) Ir provisto no seu caso, do recibo ou documento acreditativo do pago e do documento identificativo correspondente para acreditar a súa condición de usuario, non podendo cedelo ou transmitilo a un terceiro, e presentar dita documentación cando sexa requirido para o efecto polo persoal municipal ou polo persoal da empresa concesionaria.

e) Acceder ás instalacións e espazos deportivos coa indumentaria deportiva adecuada, observándose especialmente a necesidade de calzado idóneo para os distintos pavimentos.

2. Corresponderá á entidade usuaria solicitar e obter das autoridades competentes as autorizacións preceptivas esixibles, así como estar en posesión dos preceptivos seguros de accidentes para as devanditas actividades recreativas, en aplicación do disposto na lexislación vixente.





Concello de Outeiro de Rei

Así mesmo, as persoas xurídicas que utilicen as instalacións serán responsables de cumprir a normativa vixente en materia laboral e tributaria.

Neste sentido, o concello poderá solicitar documentación acreditativa do cumprimento das devanditas obrigacións, especialmente cando as actividades desenvolvidas na instalación pública supoñan a prestación dun servizo por parte da entidade privada ou o desenvolvemento dunha actividade económica.

3. Cando os usuarios realicen actuacións que contraveñan as normas contidas na presente Ordenanza ou non atendan ás indicacións dos responsables das instalacións poderán ser inmediatamente expulsados das mesmas, sen prexuízo das sancións que correspondan en aplicación da presente Ordenanza.

Artigo 11. Prohibicións xerais.

Para a adecuada ordenación da convivencia e uso de infraestruturas, equipamentos e instalacións deportivas, e sen prexuízo das normas particulares establecidas para cada espazo deportivo, con carácter xeral non esta permitido en ningún caso:

a) Fumar nas instalacións deportivas ou elementos anexos, salvo en zonas que a normativa estatal ou autonómica autorice.

b) Introducir utensilios ou envases de vidro en instalacións, recintos deportivos e os seus anexos.

c) O acceso de animais nas instalacións deportivas municipais, fóra dos que sirvan de guía a invidentes ou para a realización de actos para os cales se atope expresamente autorizado o uso ou asistencia de animais.

d) A entrada de patíns, monopatines, bicicletas ou calquera outro vehículo salvo nos lugares autorizados ou destinados a tal fin.

e) Xogar e/ou efectuar quecementos con balóns, pelotas ou outros obxectos en vestiarios, corredores de acceso a pistas, bancadas, zonas axardinadas e todos aqueles espazos que non se consideren deportivos.

f) Consumir alimentos cando produzan desperdicios no terreo de xogo tales como pipas, cacahuetes etc.

g) Utilizar a instalación deportiva co fin de impartir clases coa finalidade de obter un beneficio particular ou outras actividades colectivas organizadas sen a previa autorización municipal.

h) Utilizar as instalacións deportivas municipais ou calquera dos seus elementos para un uso distinto daquel para o que están concibidos.





Concello de Outeiro de Rei

- i) Realizar calquera tipo de actos que poidan ocasionar danos ás instalacións deportivas municipais ou a calquera dos seus elementos.
- j) Introducir mesas, cadeiras, antucas, tumbonas e calquera outro mobiliario.
- k) Introducir ou exhibir pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que, polo seu contido ou polas circunstancias nas que se exhiban ou utilicen poida ser considerado como un acto que incite ou fomenta os comportamentos violentos, xenófobos, racistas, ou como un acto de manifesto desprezo aos participantes na actividade deportiva.
- l) Introducir armas, bengalas, petardos explosivos ou calquera produto inflamable, fumígeno ou corrosivo.
- m) Acender lume.
- n) Realizar reportaxes fotográficas ou de vídeo, sen autorización expresa.
- o) Cualesquier outra conduta que atente contra a boa orde e a convivencia dentro da instalación deportiva.
- p) Comportamentos ou condutas que poidan considerarse violentos, racistas ou xenófobos, de conformidade co disposto na lexislación contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

Artigo 12. Responsabilidade dos usuarios.

1. Os usuarios serán responsables dos danos que causen nos espazos deportivos, e restantes bens, elementos e material de que dispoñen as instalacións deportivas, incluídas as plantas, árbores, céspede, e demais elementos anejos, debendo satisfacer os gastos que orixine a súa reparación ou reposición, sen prexuízo da sanción que poida derivarse da infracción cometida.
2. O usuario das instalacións deportivas será responsable dos accidentes ou danos derivados do incumprimento da presente norma, un comportamento negligente ou mal uso das instalacións, equipamentos e servizos. Así mesmo será responsable do coidado dos seus obxectos persoais non responsabilizándose o concello da perda ou subtracción de obxectos pertencentes aos usuarios, que se produza nas instalacións deportivas municipais, salvo que se entregaran en depósito.
3. Dos danos ocasionados nas instalacións deportivas ou en zonas ou elementos anejos por parte de escolares, membros de clubs, ou calquera outra persoa integrante das asociacións ou entidades a que se refire o seguinte título, será responsable o centro docente, club, asociación ou entidade á que se concedeu a autorización de uso das instalacións.





Concello de Outeiro de Rei

Así mesmo estas entidades serán responsables dos danos persoais que poidan producirse durante o desenvolvemento das actividades deportivas, debendo dispoñer do correspondente seguro de responsabilidade civil.

4. Dos danos ocasionados polos usuarios menores de idade serán responsables os pais, titores ou persoas que os teñan baixo a súa custodia. De igual forma establecerase a responsabilidade respecto das persoas que se atopen incapacitadas.

Artigo 13. Autorización de uso.

1. O uso de instalacións deportivas municipais, esixirá previa autorización municipal nos termos sinalados nos artigos seguintes, salvo que se trate de actividades organizadas polo propio Concello.

Na autorización de uso estableceranse as condicións específicas de uso da instalación, de acordo coa normativa específica da actividade para desenvolver e concederanse, no seu caso, con carácter discrecional atendendo á dispoñibilidade da instalación de que se trate.

2. O uso das instalacións terán como finalidade a práctica deportiva, ben libremente ou no marco de programas de promoción, iniciación, ensino, ou adestramento, ou de competicións ou exhibicións das modalidades deportivas para as que foron deseñadas.

3. Excepcionalmente, ditas instalacións poderán acoller, previa autorización municipal, actos deportivos distintos dos establecidos no apartado anterior, así como actividades non deportivas que teñan unha finalidade cultural ou social, organizada polo Concello ou outras entidades.

4. As autorizacións outorgaranse de conformidade cos criterios técnicos establecidos polo Servizo Municipal de Deportes e extinguíranse ao cumprirse o prazo establecido, quedando sen efecto por incumprimento das obrigacións xerais establecidas nesta Ordenanza ou polas particulares establecidas no acto de autorización.

Así mesmo, poderán ser modificadas ou revogadas en calquera momento por razóns de seguridade, climatolóxicas, de reparación imprevista de instalacións ou outras circunstancias que poidan ocasionar danos persoais ou materiais ou en xeral por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización.

5. As autorizacións de uso das instalacións teñen carácter persoal, polo que o seu titular non poderá cedela ou transmitila a un terceiro.

Artigo 14. Uso das instalacións por período longo.

1. A natureza da relación xurídica que vinculará ao terceiro que promova o desenvolvemento de actividades non lucrativas nas instalacións deportivas e ao Concello





Concello de Outeiro de Rei

de Outeiro de Rei será a dunha licenza ou autorización demanial para a ocupación do espazo público, que se outorgará en todo caso a título de precario, salvo os espazos destinados ao uso común xeneral que serán de libre uso sen necesidade dun título xurídico habilitante para o efecto.

2. Dita licenza ou autorización demanial rexerá en defecto do establecido na presente Ordenanza, pola normativa patrimonial aplicable así como polas restantes Ordenanzas Municipais e lexislación sectorial que por razón do seu obxecto, resúltelle de aplicación.

Artigo 15. Solicitudes de uso das instalacións.

Os servizos municipais facilitarán modelos de solicitude de uso das instalacións, nos cales se indicará a documentación para acompañar, coa antelación establecida en cada caso. Cando as actividades pretendan desenvolverse de maneira estable ao longo de todo o ano ou curso escolar, as solicitudes deberán presentarse entre os días 1 de Xuño e 10 de Setembro de cada ano.

Ditas solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- En caso de tratarse dun persoa física copia do Documento Nacional de Identidade
- En caso de tratarse de persoas xurídicas, deberán acompañar copia dos Estatutos, así como un certificado ou documento público no que se faga constar as persoas físicas que ostentan a representación da entidade, acompañando copia dos seus DNI.
- Memoria descritiva da actividade a que pretenda destinarse a instalación solicitada detallando:
 - Calendario en que pretende desenvolverse a actividade: número de meses, número de días, número de horas,...
 - Número máximo de destinatarios ou participantes e perfil dos mesmos. Este número non poderá superar en ningún caso o aforo da instalación.
 - Identificación da persoa responsable da actividade que se encargará de velar polo cumprimento de horarios e de que o local quede nas debidas condicións para o seu uso por outros beneficiarios.
 - No caso de que se esixa aos destinatarios o abono dalgunha cantidade como condición para o acceso á actividade promovida, deberá acompañarse unha Memoria económica na que se detalle as tarifas que pretenden esixirse, así como un Orzamento detallado dos gastos e ingresos que xere o desenvolvemento da actividade.





Concello de Outeiro de Rei

Artigo 16. Uso das instalacións por usuarios rexistrados en actividades organizadas polo Servizo Municipal de Deportes.

1. O Servizo Municipal de Deportes ofertará anualmente actividades, cursos, escolas deportivas, torneos etc. Este uso terá prioridade fronte a calquera outros de particulares ou asociacións.

2. Para a realización das distintas actividades, será requisito indispensable a inscrición dunha porcentaxe de alumnos igual ou superior ao 50 % das prazas ofertadas. De non alcanzarse devandita porcentaxe, o Servizo Municipal poderá acordar libremente a suspensión ou supresión do curso ou actividade en cuestión, sen outra obrigaición que a devolución do importe satisfeito por aquelas.

3. Os alumnos que resulten admitidos nas diferentes actividades, ademais dos dereitos previstos con carácter xeral na presente Ordenanza, terán dereito a asistir ás correspondentes clases ou cursos sempre que se atopen ao corrente no pago das cotas establecidas na Ordenanza.

4. Nas actividades programadas polo Servizo Municipal de Deportes, poderanse establecer normas especiais distintas ás contidas neste artigo, das que deberá informarse aos interesados, antes ou con ocasión da súa inscrición nas mesmas.

Artigo 17. Uso de instalacións por clubs ou asociacións.

1. Os clubs e asociacións deportivas, inscritas como tal no rexistro correspondente, poderán solicitar autorización de uso das instalacións para a totalidade do período que comprenda o desenvolvemento da súa actividade.

As solicitudes deberán presentarse no rexistro xeral municipal acompañando a esta toda a documentación esixible segundo o fixado no artigo 16.

2. As entidades ás que se refire este artigo poderán facer uso das instalacións para a celebración de competicións oficiais. Neste caso as solicitudes deberán presentarse acompañadas do calendario oficial da competición, debidamente expedido e selado pola entidade correspondente, con antelación suficiente respecto a a data na que se pretende a súa utilización.

3. Así mesmo as entidades referidas poderán solicitar o uso das instalacións para outros encontros ou exhibicións deportivas, en horarios que non interrompan o desenvolvemento normal das actividades deportivas dos demais usuarios. Neste caso as solicitudes presentaranse cunha antelación mínima de 6 días hábiles á data na que se pretende a súa utilización.





Concello de Outeiro de Rei

4. A autorización de uso das instalacións terá carácter discrecional atendendo á dispoñibilidade das mesmas. No caso de denegar a devandita autorización comunicárase ao solicitante mediante resolución motivada.

A orde de prioridade de uso entre os distintos solicitantes, será o fixado atendendo a:

a) Utilidade deportiva ou social do club ou entidade no municipio:

- Número de deportistas participando en competición.
- Número de socios.
- Especificidade do uso ás características das instalacións.
- Categorias deportivas (proxección deportiva e continuidade).
- Implantación social da disciplina.

b) Antigüidade do club ou asociación e traxectoria.

5. Cando as entidades deportivas non vaian facer uso das instalacións nos días autorizados, deberán notificalo por escrito ao Servizo Municipal de Deportes cunha antelación mínima de 3 días hábiles.

6. O incumprimento das condicións da autorización ou das normas previstas na presente Ordenanza poderá dar lugar á súa revogación e, no seu caso, á modificación da orde de prioridade de uso das instalacións entre clubs ou entidades para futuras autorizacións.

Artigo 18. Uso de instalacións deportivas por calquera outra persoa física ou xurídica.

Poderase autorizar o uso das instalacións deportivas municipais, en supostos distintos aos recolleitos nos artigos anteriores, a calquera outra persoa física ou xurídica para a realización de actividades deportivas, nunha data e hora determinada con carácter discrecional, atendendo á dispoñibilidade daquelas e as normas especiais establecidas para cada instalación nesta Ordenanza e os actos ditados en desenvolvemento da mesma.

Artigo 19. Uso de instalacións deportivas para usos non deportivos ou eventos de carácter extraordinario.

1. Excepcionalmente poderá autorizarse o uso das instalacións ou espazos deportivos para actividades non deportivas, correspondendo á entidade solicitante obter das autoridades competentes, as autorizacións preceptivas esixibles, así como estar en posesión de póliza de seguro de Responsabilidade Civil que cubra os danos nas instalacións





Concello de Outeiro de Rei

municipais ou responsabilidades que poidan derivarse da celebración do acto e demais documentación establecida pola normativa aplicable.

2. De igual forma a entidade usuaria encargarse de realizar todos aqueles labores de montaxe dos elementos materiais necesarios para o desenvolvemento da actividade.

3. O acceso de espectadores e acompañantes estará determinado polas características da actividade e da instalación, sendo a entidade organizadora responsable do comportamento dos mesmos e dos eventuais danos que o seu comportamento puidese ocasionar.

4. Os Servizos Municipais poderán esixir á entidade organizadora o depósito dunha fianza cuxa devolución se efectuará previa constatación da inexistencia de danos nas instalacións utilizadas.

Artigo 20. Uso de instalacións para fins con ánimo de lucro.

O uso de instalacións deportivas con fins lucrativos (venta polo miúdo, servizos de hostalaría... etc.) estará sometido a autorización demanial previa. O proceso para seguir será idéntico ao levado a cabo polos clubs e asociacións, solicitando o uso de período longo segundo aparece regulado na presente Ordenanza e no non especificado por esta, atenderase á lexislación aplicable.

En todo caso, os solicitantes deberán incluír na documentación para presentar:

- Memoria económica do servizo para prestar, incluíndo as tarifas para repercutir aos usuarios, custos do servizo, outros ingresos ou subvencións, etc.
- Documentación acreditativa da personalidade do empresario e a súa capacidade de contratar segundo o establecido na lexislación de contratos do sector público.
- Seguro de responsabilidade civil.

TITULO II. NORMAS PARTICULARES DE USO DOS DISTINTOS ESPAZOS DEPORTIVOS

Artigo 21. Pistas polideportivas ao aire libre.

Os usuarios deberán observar as seguintes normas:

- a) Os xogadores deben ir provistos de vestimenta e calzado adecuado.
- b) O acceso e permanencia nas pistas deportivas estará restrinxido aos deportistas, equipo arbitral e persoal técnico autorizado que vaian utilizar a instalación.





Concello de Outeiro de Rei

c) Os acompañantes deberán permanecer nas bancadas ou arredores da instalación, sen posibilidade de acceso ás pistas e vestiarios.

d) Nas pistas deportivas non poderán practicarse outros deportes que os específicos sen o consentimento expreso dos encargados da instalación.

e) A utilización compartida das pistas cando o permitan as condicións da actividade deportiva a desenvolver, requirirá a oportuna autorización.

Artigo 22. Campos de Fútbol.

Os usuarios deberán observar as seguintes normas:

a) Soamente permitírase o acceso e permanencia nos espazos deportivos aos deportistas, equipo arbitral e persoal técnico autorizado que vaian utilizar a instalación.

b) Deberase ir provisto de vestimenta e calzado adecuado, en particular usar botas con tacos de goma, estando prohibida a entrada con botas de tacos de aluminio.

c) Os acompañantes deberán permanecer nas bancadas ou arredores da instalación, sen posibilidade de acceso ás pistas e vestiarios.

d) A utilización compartida das pistas cando o permitan as condicións da actividade deportiva a desenvolver, requirirá a oportuna autorización.

Artigo 23. Piscinas.

1. Os menores de 10 anos, non poderán acceder ás piscinas salvo que vaian acompañados dun maior de idade que se responsabilice do seu comportamento e seguridade.

2. Os usuarios de piscina deberán observar as seguintes normas:

a) É obrigatorio ducharse antes de introducirse na auga.

b) É obrigatorio o uso de roupa de baño.

c) Esta prohibido o uso de calzado de rúa nas zonas húmidas das instalacións (praias, zona de baño e duchas), sendo recomendable o uso de chanclas nestas zonas.

d) Non está permitido o uso de lentes de mergullo de cristal, aletas, pas, colchóns, balóns ou calquera elemento que poida causar molestia ou resultar perigoso para a integridade do resto de usuarios, salvo actividades organizadas polo Servizo Municipal de Deportes.





Concello de Outeiro de Rei

e) O bañista non debe facer uso da piscina se padece calquera tipo de enfermidade infecto-contaxiosa.

f) Non está permitido correr, saltar nin calquera outra actividade ou xogo que poida resultar perigoso ou molesto para o resto de bañistas ou as instalacións.

g) Deberanse seguir en todo momento as indicacións do socorrista e do persoal responsable da instalación. todos os puntos de seguro da vía. Non poden manterse ocupadas as vías que non se estean utilizando.

h) Calquera anomalía que se observe deberá ser comunicada inmediatamente ao persoal de instalacións para a súa inmediata reparación.

Artigo 24. Ximnasio e sala de musculación.

1. Os usuarios deben ir provistos de roupa deportiva sen estar permitido entrar con bañador ou roupa de rúa.

2. Como medida hixiénica é obrigatorio o uso de toalla nos bancos respaldos ou asentos dos distintos aparellos de musculación.

3. Non se permite facer exercicios co torso espido.

4. O usuario será responsable de uso adecuado dos aparellos, non responsabilizándose o Servizo Municipal do uso indebido destes.

Artigo 25. Pavillóns e salas cubertas.

1. Observaranse as seguintes normas:

a) Non se permitirá o acceso ao pavillón ou sala con calzado de rúa.

b) Todo o material deportivo utilizado, deberá ser recollido no lugar asignado.

c) O acceso e permanencia nas pistas deportivas estará restrinxido aos deportistas, equipo arbitral e persoal técnico autorizado que vaian utilizar a instalación.

d) Os acompañantes deberán permanecer nas bancadas ou arredores da instalación, sen posibilidade de acceso ás pistas e vestiarios.

e) Cando a actividade deportiva realícese por menores de idade, será necesario que haxa un monitor ou responsable maior de idade que controle a mesma, sendo este responsable de velar polo cumprimento das normas.





Concello de Outeiro de Rei

f) A utilización compartida da instalación cando o permitan as condicións da actividade deportiva a desenvolver, requirirá a oportuna autorización.

Artigo 26. Vestiarios.

En beneficio do bo uso deportivo, comodidade e goce de quen desexa utilizar as instalacións deportivas municipais e, por tanto precisan facer uso dos vestiarios, así como para facilitar a súa imprescindible limpeza e mantemento, son de aplicación as seguintes normas mínimas:

1. É recomendable a utilización de chanclas e demais elementos de aseo de forma persoal.
2. Por razóns de convivencia quedan prohibidos os xogos molestos ou perigosos.
3. Deberá evitarse gardar obxectos de valor nos vestiarios. En ningún caso o concello responsabilizarase das subtraccións que poidan producirse.
4. O usuario deberá deixar libre o vestiario e máis as taquillas, retirando os obxectos nelas depositados, unha vez finalizado o seu uso diario.
5. No caso de que non existan vestidos específicos para o efecto, os menores de sete anos poderán acceder ao vestiario do sexo oposto, debidamente acompañados por persoa maior de idade que exerza a patria potestade, tutela ou garda do mesmo, a fin de realizar as funcións de aseo e vestido, de acordo coas normas específicas que a este efecto estableza o Servizo Municipal.

Artículo 27. Instalacións deportivas elementais.

Son instalacións deportivas elementais aqueles espazos abertos, de uso público libre e non suxeito a taxa, situados en zonas de dominio público cuxa titularidade ou xestión corresponda ao Concello de Outeiro de Rei e habilitados para a práctica de actividades deportivas.

As instalacións deportivas elementais quedan sometidas ás normas establecidas nesta Ordenanza e nas Ordenanzas Municipais que sexan de aplicación, sen prexuízo das específicas que se detallan no artigo seguinte.

Artículo 28. Normas específicas para as instalacións deportivas elementais.

En beneficio do bo uso deportivo, comodidade e goce de quen desexa utilizar as instalacións deportivas elementais, así como para facilitar o imprescindible mantemento dos mesmos, son de aplicación as seguintes normas mínimas:

1. As instalacións deportivas elementais destinaranse exclusivamente ás actividades deportivas para as que estean habilitadas.





Concello de Outeiro de Rei

2. Ao obxecto de previr danos, a actividade deportiva deberá efectuarse con roupa e calzado adecuado.

3. Os usuarios absteranse do uso da instalación se observasen calquera defecto na mesma que puidese ocasionar danos aos usuarios, debendo poñelo en coñecemento inmediato do concello para que proceda á súa reparación.

4. O concello non se fai responsable dos danos derivados dun uso inadecuado ou incorrecto da instalación.

5. En calquera caso as molestias e ruídos xerados nestes espazos públicos deberá manterse dentro dos límites que esixe a convivencia cidadá e o ordenamento xurídico.

6. O usuario das instalacións deportivas será responsable dos accidentes ou danos derivados do incumprimento da presente norma, un comportamento negligente ou mal uso das instalacións, equipamentos e servizos. Así mesmo será responsable do coidado dos seus obxectos persoais non responsabilizándose o concello da perda ou subtracción de pezas e demais obxectos, pertencentes aos usuarios, que se produza nas instalacións deportivas municipais, salvo que se entregaron en depósito.

Artigo 29. Circuito deportivo

1. A actividade do circuito, será supervisada polo persoal autorizado polo Coincello de Outeiro de Rei a tal efecto. Será ese persoal quen fixe en cada momento a orde de saída a pista dos usuarios. Se ben, como norma xeral, velarase para que se organicen tandas diferentes entre distintas categorías das modalidades que poida haber no mesmo día.

Os usuarios deberán de solicitar o uso das instalación do circuíto segundo os impresos aprobados polo Concello de Outeiro de Rei cunha antelación mínima de 2 días hábiles para rodadas libres organizadas polo Concello, ou no mesmo día no propio circuito.

2. Vehículos admitidos no circuito.

No circuito deportivo de Outeiro de Rei poderán circular os seguintes vehículos:

a) KART: vehículo monopraza, de motor e sen teito. Carece de suspensións pero se ten elementos de carrozaría. Conta con catro rodas aliñadas, as cales as dianteiras exercen a función de dirección e as traseiras as de tracción, grazas á súa unión a través dun eixo, ao cal lle transmite potencia un motor.

Para o acceso a pista:

- Terán que ir provistos de pontóns laterais, frontais e defensa dianteira e traseira.
- Os tubos de sobrantes e respiros de carburador, radiador, motor, etc, irán a un recipiente adecuado.





Concello de Outeiro de Rei

- Terán que ir provistos de cubrecadea.
- So se permitirá auga como líquido refregerante.

b) MOTOS: vehículo de dúas rodas, impulsado por un motor que acciona a roda traseira. Comprende dun cadro ou chasis e as rodas, as cales a dianteira, exerce a dirección e a traseira a tracción.

Para acceso a pista:

- As partes plásticas que compoñan a motocicleta derán estar libres de roturas e aristas que entrañen perigo para os pilotos.
- Non se admitirán motocicletas que dispoñan de ópticas e elementos luminosos (intermitentes, luces de feo, etc). Tampouco cabaletes ou pata.
- As estriberas deberán ser retráctiles. Os estribos deberán levar unha deslizadera de nylón ou similar coa finalidade de que a parte metálica dos estribos non dañe o asfalto.
- Os latiguillos terán que ser metélicos, de presión de hidráulica ou similar.
- Os tubos de sobranceiros e respiradeiros de arburador, radiador, motor, etc., irán a un recipiente adecuado.

3.- Obrigas dos usuarios.

No momento de cursar solicitude uso da instalación deportiva do circuito de Outeiro de Rei, os usuarios, asumen as seguintes obrigas:

- Deberán de estar en posesión dun seguro de accedentes propios. O número de póliza e compañía aseguradora deberá de constar sempre na instancia de solicitude. O titular está obrigado a manter a súa vixencia, en todo caso, será responsable de calquera dano sufrido no transcurso da actividade, sempre e cando non sexa consecuencia directa dun mal estado da instalación.
- Os usuarios comprométense a respetar e cumpriras normas de xestión e funcionamento do Circuito expostas ao público nas instalación. No caso de non cumprir estas normas ou de alterar a normal actividade da instalación, o persoal encargo das instalación, poderá proceder á expulsión das instalación dos usuarios negligentes, non dando dereito tal expulsión ao reembolso das taxas satisfeitas.
- Os usuarios deberán utilizar as instalacións adecuadamente, evitando posibles deterioros ou danos nas instalación, na saúde ou nos dereitos dos outros usuarios. A tal fin, estará prohibido:
 - o Pintar, taladrar ou atornillar as soleiras ou as estruturas, tanto na pista como nos boxes.
 - o Derrame de líquidos (combustible, lubricantes, etc) nas soleiras, tanto na pista, como no zona de boxes.





Concello de Outeiro de Rei

- o Deberán de protexer con materiais illantes, aqueles elementos dos seus vehículos, os cales en caso de accidente, poidan causar danos persoais ou materiais ao resto de usuarios ou ás propias instalacións.
- Deberán de usar os equipos de protección individual requeridos segundo o vehículo que vaian pilotar. Para entrar na pista cada piloto debe estar perfectamente equipado, con casco, botas, luvas, mono e protección debidamente homologadas.
- Na pista do circuito circularase entrando e saíndo nela en sentido marcado polo acceso sinalado para a saída. Únicamente se poderá saír do circuito neste punto salvo avaría ou accedentes.
- Entrarase e sairase da pista sempre polos accesos sinalados.
- O límite máximo de pilotos rodando o mesmo tempo na pista será de 20.
- Está terminantemente prohibido circular en sentido contrario, sempre en sentido horario.
- Está prohibido pararse dentro da pista.
- Unha vez fora da pista a entrada de novo na mesma se fará cando sexa segura a incorporación e non circule ou vaia a circular en breve outro piloto polo mesmo lugar.
- En caso de accidente, o piloto que circule detrás do accidentado anunciará os restantes pilotos o suceso, reducindo a velocidade paulatinamente.
- Na pista circularase cunha velocidade moderada de acordó coas condicións da pista e cos pilotos que estean circulando nela.
- Os pilotos deberán seguir sempre trazadas naturais sen facer manobras bruscas na pista, xa que poden poner en perigo os pilotos máis rápidos ou máis lentos que circulen por diante ou por detrás.
- Nos boxes tódolos vehículos deberán circular lentamente sen superar os 5Km/h quedando prohibida a circulación reiterada destes. Prohíbese as exhibicións, derrapes, aceleracións bruscas na zona.
- Está prohibida circulación dos vehículos fora da pista do circuito salvo por avaría ou accedente.
- As reparacións e marcaxes deberán facerse estrictamente na zona de boxes.
- É obrigatorio dar unha volta de recoñecemento o circuito antes de comezar os entrenamentos co fin de coñecer tódalas circunstancias da pista.

Tódalas normas están establecidas para salvaguardar a seguridade de tódolos pilotos. O piloto que non cumpra estas normas poderá ser expulsado, por ocasionar un grave risco para os demais usuarios.

O piloto deportista exime de calquera responsabilidade civil ou penal o Concello de Outeiro de Rei por acción ou lesións derivadas hacia a súa persoa ou a terceiros por causa da práctica e participación deportiva realizada no circuito de Outeiro de Rei.





Concello de Outeiro de Rei

O feito de que esta norma este exposta no circuito imprica que o interesado asume ser o único reponsable dos seus feitos e lesións ou aqueles que puideran ocasionar a terceiros.

4.-Prohibición e suspensión de probas deportivas.

O Concello de Outeiro de Rei poderá prohibir ou no case de haber comezado, suspender a celebración da proba deportiva, actividade/es, competicións ou torneos, nos seguintes casos:

- Os que puideran ser constitutivos de delito.
- Cado o desenrolo dos mesmos se produza ou se considere que pode producirse alteracións do orde público co perigo para as persoas ou os seus bens.
- Cando exista risco grave para a seguridade das persoas.
- Cando non se presenten as autorizacións preceptivas.

A suspensión dos espectáculos poderán decidirse tamén polo delegado da autoridade que asista o mesmo, previo aviso os organizadores, cando se produzan graves alteracións do orden público; perigue a seguridade de persoas ou bens ou as circunstancias climatolóxicas así o aconsellen.

TITULO III. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 30. Potestade sancionadora.

Serán responsables das infraccións establecidas na presente Ordenanza toda persoa física ou xurídica que realice calquera das accións ou omisións constitutivas das mesmas.

Cando os usuarios das instalacións sexan asociacións deportivas, centros docentes e demais persoas xurídicas, estas responderán solidariamente as infraccións cometidas por calquera dos seus membros integrantes ou persoas designadas ou autorizadas por eles para o uso da instalación, nos termos que así o prevexa a normativa de aplicación, sen prexuízo dos efectos que ditas infraccións puidesen supoñer para as autorizacións.

Será órgano competente para a incoación e resolución dos expedientes sancionadores pola comisión das infraccións previstas nesta Ordenanza, o Alcalde do Concello ou Concelleiro en quen delegue.

Artigo 31. Infraccións.

1. As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.
2. Considéranse infraccións leves:





Concello de Outeiro de Rei

a) Introducir animais de calquera clase ou obxectos non permitidos tales como latas, recipientes de vidro, etc., nas instalacións, zonas de práctica deportiva e anexos.

b) Fumar nas instalacións deportivas ou elementos anexos, salvo en zonas habilitadas ou autorizadas. A práctica de xogos, quecementos ou deportes con balóns, pelotas ou outros obxectos en todos aqueles espazos que non se consideren deportivos.

d) A entrada de patíns, monopatines, bicicletas ou calquera outro vehículo nas instalacións deportivas, salvo nos lugares destinados a tal fin.

e) Non utilizar a vestimenta adecuada nas zonas específicas destinadas á práctica do deporte.

f) Faltar ao respecto ou non atender as indicacións ou instrucións dos responsables das instalacións.

g) Non presentar o carné acreditativo da condición de usuario.

h) Calquera outro incumprimento das normas establecidas na presente Ordenanza, que non se atope cualificada como infracción de carácter grave ou moi grave.

3. Considéranse infraccións graves:

a) A entrada a vestiarios destinados exclusivamente ao outro sexo.

b) A alteración da orde no interior do recinto ou instalación deportiva.

c) Non atender de forma reiterada ás indicacións ou instrucións que os responsables establezan para o bo funcionamento dos servizos e as instalacións.

d) Causar danos ou deteriorar as instalacións, equipamentos, material deportivo e elementos anexos.

e) A realización de actos que impliquen obstrución ou alteración do uso das instalacións ou equipamentos por calquera outras persoas.

f) A inobservancia das normas de uso da instalación, en especial as enfocadas á convivencia co resto de usuarios, as de mantemento e conservación e aquelas que faciliten o bo estado e limpeza da mesma.

g) A agresión verbal ao persoal da instalación deportiva municipal ou a outro usuario.

h) Non respectar os horarios e funcionamento dos servizos deportivos.

i) Tomar fotografías ou vídeos sen consentimento expreso dos interesados.





Concello de Outeiro de Rei

j) Expoñer lemas publicitarios ou pancartas sen autorización do propietario da instalación.

4. Son infraccións moi graves:

a) Ceder o carné ou permitir o uso da instalación a un terceiro.

b) A alteración reiterada da orde no interior do recinto.

c) Causar danos ou deteriorar gravemente as instalacións, equipamentos ou material deportivo ou elementos anexos.

d) A realización de actos que impliquen, impedimento ou grave e relevante obstrución do uso das instalacións ou equipamentos por calquera outras persoas. e) A utilización de instalacións deportivas para fins distintos dos previstos na autorización de uso.

f) O incumprimento das obrigacións específicas asumidas ao obter a autorización de uso das instalacións.

g) A subtracción de calquera elemento ou obxecto de propiedade allea.

h) A agresión física ao persoal da instalación deportiva municipal ou a outro usuario.

i) Introducir ou exhibir pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que, polo seu contido ou polas circunstancias nas que se exhiban ou utilicen poida ser considerado como un acto que incite ou fomenta os comportamentos violentos, xenófobos, racistas, ou como un acto de manifesto desprezo aos participantes na actividade deportiva.

j) Introducir armas, bengalas, petardos explosivos ou calquera produto inflamable, fumígeno ou corrosivo.

k) Acender lume.

l) Subarrendar, ceder ou prestar o dereito de uso dos espazos deportivos con reserva a terceiras persoas ou entidades sen autorización expresa.

m) Expedir ticket ou vender entradas de acceso ao recinto deportivo sen autorización expresa do concello.

n) Non facilitar a documentación requirida polo concello en cumprimento da presente Ordenanza.

Artigo 32. Sancións.





Concello de Outeiro de Rei

1. Salvo que a infracción atópese tipificada pola lexislación sectorial aplicable, nese caso a contía da sanción adecuarase á prevista na devandita lexislación, aplicaranse as seguintes sancións:

a) Pola comisión de infraccións leves apercibimento e/ou imposición de multa de ata 750 euros en función da maior ou menor gravidade dos feitos.

b) Pola comisión das infraccións graves multa desde 751 ata 1500 euros, en función da maior ou menor gravidade dos feitos.

c) Pola comisión de infraccións moi graves, multa desde 1501 ata 3000 euros, en función da maior ou menor gravidade dos feitos.

2. O establecemento de sancións pecuniarias deberá prever que a comisión das infraccións tipificadas non resulte máis beneficioso para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas.

3. Todas as sancións son independentes da posibilidade de esixir ao responsable a reparación do dano ou deterioración producido, e en caso de incumprimento, de proceder á imposición de multas coercitivas ou á súa execución subsidiaria.

Se os danos fosen irreparables a indemnización corresponderase co importe de reposición a novo dos bens ou elementos en cuestión.

Disposicións finais.

Primeira. Entrada en vigor. Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez que, publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, transcorrese o prazo de quince días establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Segunda. Habilitación para o desenvolvemento da presente Ordenanza.

Autorízase ao Alcalde para ditar cantas resolucións estime oportunas en desenvolvemento do disposto nesta norma, co obxecto de mellorar a prestación do servizo e a utilización das distintas instalacións polos usuarios, en particular o desenvolvemento das normas específicas de utilización das instalacións deportivas municipais xa existentes ou que poidan incorporarse nun futuro e os modelos de solicitudes e outros previstos na Ordenanza”.

A concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio expón que na comisión comentou que lle parecía que lle fantaban dúas cuestións. Unha delas sería incluír unha relación das instalacións deportivas elementais como se comenta no artigo 28 que existen, e outra é no que se refire aos menores de idade ou menores de 14 anos máis ou menos deberían ir acompañados por un maior de idade, titor ou deberían levar unha





Concello de Outeiro de Rei

autorización das persoas que exerzan a patria potestade sen acompañamento en actividades ou servizos concretos.

Vai a votar a favor da ordenanza porque debe existir unha ordenanza pero pensa que eses dous puntos que tratou deberían incluírse.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro comparte como di a portavoz do PSdG-PSOE que é necesario ter unha ordenanza que regule o uso neste caso das instalacións deportivas para que todos os cidadáns de Outeiro de Rei ao de fora do concello saiban de antemán os dereitos e os deberes para o uso das intalacións.

Analizaron a ordenanza e conclúen que está mal elaborada. É unha ordenanza que se pode calificar como ordenanza pésimamente feita e impropia dun concello da categoría que ten Outeiro de Rei e para nada cumpre as funcións coa que se pretendía con esta ordenanza, que é regular os dereitos e os deberes das persoas e as irregularidades que pode haber actualmente no uso das instalacións deportivas.

Non se pode traer ao Pleno deste concello unha ordenanza chea de faltas de ortografía e de erros na redacción. A exposición de motivos non debe ir metida no artigo 1. Nese título I faise referencia ao atigo 25 cando realmente o que regula as instalacións deportivas é o artigo 25.2.1. A exposición de motivos non se limita a citar a Lei do Deporte, senón que se reproduce a lei textualmente.

Respecto ao contido é pobre, incoherente, dúplícanse artigos e contradícense uns cos outros. Isto causa confusión. Non ten sentido recoñecer o dereito a facer reclamacións se non se a vai regular despois como se presentan esas reclamacións nin se aportan os modelos para facelas.

Tampouco ten xeito que unha conducta penalmente relevante como pode ser agredir a alguén se despache cunha infracción administrativa. Se é un tema penal é penal.

A cuantía das sancións é un despropósito. Non presentar o carné ao entrar en patíns pode ter unha sanción de ata 750 euros.

Adícase media carilla aos campos de fútbol e ao circuito deportivo tres páxinas. Se querían facer unha ordenanza para o circuito fágana. Está feita para que a entidade local teña unha discrecionalidade total. O mellor que poden facer é retirala, analizala, correxir os artigos duplicados e contradictorios e logo volver a traela ao Pleno.

Hai concellos de todas as cores políticas, concellos do Partico Popular con ordenanzas que son de libro, perfectas, ben elaboradas, cunha boa exposición de motivos, un articulado coherente e con modelos de folla de reclamacións, que regula o proceso de reclamación, o proceso de pago, os prezos...





Concello de Outeiro de Rei

O Alcalde contéstalle que elaborouse unha ordenanza e o Secretario constata que cumpre xurídicamente e cren que técnicamente tamén cumpre. Evidentemente todas as ordenanzas non son eternas, e si nun futuro se estima convinte modificala, así se fará.

Referíndose á discrecionalidade, o equipo de goberno vai a poder tomar decisións, como non pode ser de outro xeito. Seguramente ao concelleiro do BNG gustaríalle que as decisións as tomase él aínda que non teñen unha maioría neste Concello, pero evidentemente o equipo de goberno ten a obriga de tomar decisións e nesta materia tamén as vai a tomar.

Non coinciden co que expuso o concelleiro do BNG pero sí aceptan a proposta do PSOE de incluír a relación das instalacións deportivas. E polo que respecta aos menores de idade cando teñen de 14 a 16 anos non se sabe ata que punto é imprescindible que vaian cos pais. Isto nunca xerou ningún tipo de problema e por iso non se ve necesario metelo.

Non acepta as descalificacións do BNG da elaboración e o contido da ordenanza.

Preténdese aprobar a ordenanza coa modificación de incluír a relación de infraestructuras deportivas.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación inicial da ordenanza reguladora do uso de instalacións deportivas.

Realizada a votación da aprobación inicial da ordenanza reguladora do uso de instalacións deportivas ésta queda aprobada con dez votos a favor, pertencentes aos concelleiros do PP e da concelleira do PSdG-PSOE e con dous votos en contra dos concelleiros do BNG.

6- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á APROBACIÓN DUN PROTOCOLO ÉTICO E POLÍTICO PARA QUE NUNCA MÁIS O CONCELLO TEÑA DÉBEDAS ACUMULADAS COS SEUS PROVEEDORES.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro asume a defensa da seguinte moción do seguinte teor literal:

“Rita Castedo Meilán, Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiras e concelleiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

MOCIÓN RELATIVA Á APROBACIÓN DUN PROTOCOLO ÉTICO E POLÍTICO PARA QUE NUNCA MÁIS O CONCELLO TEÑA DÉBEDAS ACUMULADAS COS SEUS PROVEEDORES





Concello de Outeiro de Rei

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai tempo, a situación económica do concello é crítica, situación que levou a que houbera que pedir distintos créditos, tanto para facer algún tipo investimento como para pagar as facturas dos gastos diarios máis básicos.

Esta situación provocou incluso que algúns dos servizos imprescindíbeis do concello corran un serio perigo, pois os provedores xa se negaban a seguir “fiando” ao Concello de Outeiro de Rei.

Ademais diso, estas faltas de pago reiteradas por parte do concello estiveron a provocar graves problemas a algunhas pequenas empresas e autónomos, tanto do noso concello como de concellos limítrofes, os cales tiñan que seguir afrontando o pago dos seus gastos mentresque o concello de Outeiro non lles ingresaba as cantidades que lles adeudaba.

A esta temeraria e inxusta forma de actuar dos responsábeis do concello de Outeiro hai que engadir a súa total falta de sensibilidade, pois ao mesmo tempo que se daba esta situación cara os autónomos e pequenas empresas da comarca, dende o concello facíanse gastos totalmente innecesarios, aprobando dedicacións exclusivas a pares e repartindo gratificacións sen límite para calquera que fose “amigo” do alcalde.

Para o BNG de Outeiro de Rei esta forma de actuar vai contra calquera ética política e non se debe permitir en ningunha administración, incluído por suposto o concello de Outeiro de Rei.

E por todo isto, seguindo na liña construtiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG e dende unha total responsabilidade o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción do seguinte acordo:

Que por parte do Pleno de Outeiro de Rei se aprrobe un protocolo de actuación conforme mentres exista algunha factura sen pagar que dependa do concello de Outeiro de Rei e que teña máis de tres meses de antigüidade non se efectúen pagos polos seguintes conceptos:

- *Dietas por asistencia a organismos ou quilometraxe dos concelleiros ou concelleiras.*
- *As asignacións que lles corresponden aos grupos políticos segundo a aprobado polo Pleno.*
- *As gratificacións excepcionais, que non correspondan a un gasto directo, dos traballadores ou traballadoras do concello que cobren máis do salario medio galego (aproximadamente 1.421 € brutos no ano 2020)*





Concello de Outeiro de Rei

Rematada a defensa da moción fai uso da súa palabra o Alcalde para expresar que non está de acordo con esta moción. Di que hai que pagar aos provedores, aos concelleiros e por suposto aos traballadores.

Tratarase de equilibrar o gasto o máis posible pero iso leva consigo menos inversión. Non fai máis aló de dous ou tres anos dicían que o equipo de goberno non era quen de invertir o superávit. Agora din que gastan demasiado. O Concello ten un endebedamento razoable atendendo á situación que estamos a vivir e a falla de apoio da Administración central. Resolveuse esa situación e agora xa están pagadas as facturas cuxo pago se retrasou.

Respecto a que se crearon situacións complicadas para autónomos, o alcalde expón que foi falando con todos e tomouse a decisión de un préstamo a longo prazo, e non houbo ningún caso onde non onde provedores deixaron de vender ao concello nin peligraron os servizos. Éste é un dos concellos que mellor paga ao longo da historia e poden dicilo os provedores.

Non hai que mandar unha mensaxe de solidariedade, debemos enviar unha mensaxe de tranquilidade de que se van a atender os compromisos e de que os pagos efectuaranse dentro dos prazos normales dunha administración. A Administración Central non está facendo o reparto de fondos que debería e para afrontar moitas obras ao longo do tempo hai que facer aportacións do concello con cargo aos recursos propios. O concello está a executar obras con financiamento europeo por máis de 600.000 euros das que todavía non se recibiu transferencia algunha

O Alcalde non quere como se fixeron estes anos ter retraso nos pagos, e pretende ser o máis puntual posible dentro da lentitude que conlevan os trámites dunha administración. Vai pretender seguir tendo o concello á cabeza dos concellos máis inversores e con máis servizos.

Sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do BNG.

Realizada a votación a moción queda rexeitada con dous votos a favor, pertencentes aos concelleiros do BNG; nove votos en contra dos concelleiros do PP e a abstención da concelleira do PsdG-PSOE.

7-MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á DERROGACIÓN DA ORDENANZA DE XESTIÓN DA BIOMASA DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI E A SÚA SUBSTITUCIÓN POR OUTRA CORRECTAMENTE ELABORADA E QUE SERVA ÁS NECESIDADES DA VECIÑANZA.





Concello de Outeiro de Rei

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro asume a defensa da seguinte moción do seguinte teor literal:

“Rita Castedo Meilán, Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiras e concelleiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

MOCIÓN RELATIVA Á DERROGACIÓN DA ORDENANZA DE XESTIÓN DA BIOMASA DO CONCELLO DE OUTEIRO E A SÚA SUBSTITUCIÓN POR OUTRA CORRECTAMENTE ELABORADA E QUE SERVA ÁS NECESIDADES DA VECIÑANZA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai un tempo, a veciñanza dalgunhas parroquias do noso concello están a recibir unha comunicación do concello onde se lles di que teñan que proceder á limpeza de distintas parcelas da súa propiedade, así coma á tala dalgunhas plantacións que teoricamente non se axustan á normativa actual.

Estas notificacións xustifícase por parte do concello por presuntas denuncias feitas por axentes da Xunta de Galicia. As notificacións envíaas o concello de forma indiscriminada e sen ningunha comprobación previa da súa veracidade por parte de funcionarios do Concello de Outeiro.

Xunto coas comunicacións, dende o concello esíxese a cada veciño e veciña afectada o pago dunha taxa de 100 € pola comunicación, pago que deberá ingresarse na conta do Concello de Outeiro.

Segundo o alcalde, este pago baseándose nas ordenanzas de Xestión da Biomasa do ano 2021 e na Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Elaboración ou Reprodución de Documentos a Instancia de Parte e Tramitación de determinados Expedientes Urbanísticos e de Xestión da Biomasa do ano 2013

Analizadas con detalle estas ordenanzas constátanse unhas graves deficiencias técnicas que fan inviábel a súa aplicación. Así mesmo, constatado o feito que se están a utilizar estas ordenanzas comoferramenta recadadora por parte do concello, no canto de facelo para conseguir previr incendios forestais e ordenar territorialmente o concello, dende o BNG non se ve outra opción que a derogación inmediata desta Ordenanza de Xestión da Biomasa do Concello de Outeiro de Rei, procedendo a continuación á súa substitución por outra correctamente elaborada que cumpra cos obxectivos e as necesidades que a veciñanza de Outeiro de Rei precisa.





Concello de Outeiro de Rei

Por todo isto, seguindo na liña construtiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG e dende unha total responsabilidade o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei somete a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, proponendo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Que se derroge de xeito inmediato a Ordenanza de Xestión da Biomasa do Concello de Outeiro de Rei que entrou en vigor no ano 2021.

2. Que se proceda a elaborar e aprobar no seu lugar unha nova ordenanza de Xestión da Biomasa correctamente elaborada que serva para prever os incendios forestais e ordene territorialmente o concello”.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro comprométese -gustelle ou non ao Alcalde- a presentar unha ordenanza correctamente elaborada, tanto da taxa como da relativa ao uso das instalacións deportivas, e non lles fan falta ter dedicacións exclusivas para facer ben as cousas para que todos os veciños teñan os mesmos dereitos e non uns ter uns e outros á vontade do Sr. Alcalde. Nos vindeiros días ou semanas presentarán unha ordenanza xusta e igualitaria.

O Alcalde solicítalle ao Secretario que informe verbalmente sobor as cuestións xurídicas plantexadas na moción.

O Secretario explica que se confunde a ordenanza de xestión de biomasa do Concello coa ordenanza fiscal reguladora da taxa por actuación e xestión da biomasa. Asemade fai as seguintes consideracións xurídicas:

En relación á necesidade de unha cláusula derogatoria, informa que un dos principios de interpretación das normas é que a lei posterior deroga a lei anterior, principio que fai innecesario ese tipo de cláusulas salvo para establecer articulados tremendamente extensos que dificultan a súa interpretación. A aprobación dunha ordenanza obviamente deroga a anterior en virtude deste principio.

En relación a que se omite un réxime sancionador en réxime de xestión tributaria informa que é absolutamente innecesario porque é de aplicación ao réxime xeral da Lei xeral tributaria como non pode ser doutro xeito. O que é unha mala técnica normativa é reproducir normas de rango superior nun reglamento porque calquer alteración posterior das leis ou reglamentos de rango superior implica unha antinomia que dificulta a súa interpretación e aplicación polo operador xurídico e moito máis polos veciños.

En relación á indeterminación do feito imponible, atópase perfectamente definido na lexislación forestal de Galicia e na ordenanza de xestión da biomasa do Concello de





Concello de Outeiro de Rei

Outeiro de Rei. Non é na ordenanza fiscal onde se ten que regular cómo xestionar a biomasa senón na normativa forestal galega.

No tocante a que se establece un feito imponible pola simple presentación dunha denuncia con independencia da realización dunha actuación de verificación, isto tamén é un erro de interpretación xa que o feito imponible é o incumprimento do deber de xestión da biomasa. O incumprimento esixe unha labor de verificación de incumprimento. Aquí non se está xirando unha taxa pola simple presentación dunha denuncia senón a raíz da labor de verificación do incumprimento. Soamente nese momento prodúcese o feito imponible.

O Alcalde recrimina ao concelleiro pola súa incoherencia. Un día vota a favor da ordenanza e ao pouco tempo xa non están de acordo con ella.

Cando se establece unha taxa de 100 euros é polo motivo sinxelo de que no ano 2007 enviouse a cada parroquia un plano superposto co plano catastral onde se sinalan as zoas onde non se poden plantar determinadas especies.

Dende entón a xente é coñecedora de ónde plantar, e a partir de ese momento teñen que cumprir esta normativa para que non haxa maleza, piñeiros ou eucaliptos preto das casas xa que constitúe un risco moi elevado para as vivendas e as persoas.

A taxa impónse unicamente para o que incumpre esta normativa. E se non atende ao requerimento de xestión impóráselle unha sanción.

Se a raíz de unha denuncia o interesado di que non existe incumprimento envíase ao persoal do Concello a corroborar se a denuncia é certa ou non. Se o interesado acepta que esa situación si é así, evidentemente ten esa taxa. Senón é faise unha certificación verificada polo persoal municipal e non se lle impón a taxa.

Nesa ordenanza regúlase como se debe actuar á hora de cortar e sacar a madeira conservando as vías públicas ao máximo posible e a custo cero para os maderistas. A día de hoxe non se impuxeron sancións a pesares de que quedan camiños de terra e estradas desfeitas.

Invita ao concelleiro do BNG que traiga a súa proposta de ordenanza e xa se estudará, pero teme que non vai ter moito interese, xa que dende que chegou a esta corporación ata agora non fixeron máis que terxiversar e buscar confrontamentos cos veciños.

Fai uso da palabra o concelleiro do BNG, quen afirma que non rebatirá a intervención do Sr. Secretario xa que non é xurista, e puntualiza que dos quince puntos citados das deficiencias técnicas que ten a ordenanza soamente fixo referencia a catro ou





Concello de Outeiro de Rei

cinco. Nunca empregará ao Sr. Secretario como se fora un noveno concelleiro nin se apoiará nel para defender as tesis políticas como fai vostede continuamente, afirma dirixíndose ao Alcalde.

Están en contra de que haxa piñeiros ou eucaliptos nos núcleos rurais e que quede claro que non pode haber silvas, toxos, nin aquilo que poida incrementar o risco de lume forestal.

Pero tamén están en contra de que se cobre á xente por avisalos de que teñen que limpar sen facer unha comprobación previa. É sospeitoso que esas denuncias se presentaran logo de subir a contía da taxa. Tamén considera curioso que presuma de que aos maderistas non se lles puxo ningunha sanción a pesar de que destrozaron pistas de terra e estradas de asfalto pero a unha señora que cobra unha pensión mínima si que se lle cobra unha taxa se 100 euros sen tan sequera comprobar se é certo ou non si incumpriu o deber de xestión a biomasa.

Por último, di que non lle importa recoñecer cándo se equivocan, e recoñece que en outubro do ano 2020 se equivocaron ao votar a favor da aprobación da ordenanza e pide perdón á cidadanía, sobre todo a aquela que confía neles.

O Alcalde afirma que non é certo que non se avisara antes aos veciños. Avisóuselles cando se publicou a lei e novamente fai catro anos. Ao mellor sería convinte volver a enviar outro plano ás parroquias para que cada veciño vexa a situación que ten a súa ou súas parcelas.

Insiste en que non se lles sanciona, senón que unicamente se lles liquida unha taxa polo importe dos custes que xenera para o concello a realización da tarefa administrativa de de comprobación.

Engade que, nun ano normal, dende o concello tramítanse preto de cen expedientes de xestión da biomasa. Este ano foron máis debido ás denuncias masivas formuladas polos axentes forestais da Xunta de Galicia.

O Secretario intervén dicindo que esas denuncias masivas en núcleos rurais se realizan en base a unha acta de inspección por axentes forestais. Existe, polo tanto, unha actuación administrativa previa de comprobación. Outra cousa é que dita comprobación previa esté ou non ben feita. Pero existe e, polo tanto, as liquidacións tributarias xiráronse previa comprobación do incumprimento.

O Alcalde volta a facer uso da súa palabra e di que pódese dar a situación de que o axente forestal esté equivocado. Neste caso compróbase polo persoal do Concello e, si é así, retíraselle esa taxa de 100 euros.





Concello de Outeiro de Rei

Sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do BNG relativa á derogación da ordenanza de xestión da biomasa do concello de Outeiro de Rei e a súa substitución por outra correctamente elaborada e que serva ás necesidades da veciñanza.

Realizada a votación a moción queda rexeitada con dous votos a favor, pertencentes aos concelleiros do BNG, nove votos en contra dos concelleiros do PP e unha abstención da concelleira do PSdG-PSOE.

8- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA ESIXIR AO GOBERNO DE ESPAÑA O CESE INMEDIATO DO MINISTRO DE CONSUMO POLOS SUS ATAQUES Á GANDERÍA E AO SECTOR CÁRNICO ESPAÑOL.

O alcalde inicia a defensa da moción do seguinte teor literal

“José Pardo Lombao, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación municipal, a seguinte

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR PARA ESIXIR AO PRESIDENTE DO GOBERNO DE ESPAÑA O CESAMENTO INMEDIATO DO MINISTRO DE CONSUMO POLOS SEUS ATAQUES Á GANDERÍA E AO SECTOR CÁRNICO ESPAÑOL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o Informe Anual da Industria Alimentaria Española Período 2020-2021, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a industria cárnica é A terceira en canto a número de empresas que o integran: 3.641 empresas, o 11,9% do total de empresas que conforman a Industria Alimentaria Española.

A este respecto hai que indicar que, segundo o referido informe publicado polo Goberno de España, o 67% desas empresas teñen menos de 10 traballadores (e o 92,7% non alcanza os 50 empregados).

É dicir, esta industria está formada dun xeito predominante por pequenas explotacións gandeiras de tipo familiar e con base territorial, que axudan a crear emprego e riqueza e, o que é máis importante, a fixar poboación no mundo rural.





Concello de Outeiro de Rei

En 2020 achegou case 9.000 millóns de euros en exportacións á balanza comercial de España contribuíndo a reducir o tradicional déficit comercial do noso país.

Como no conxunto de España, en Galicia o sector cárnico desenvolve un papel clave no equilibrio territorial, agrupando unha variada tipoloxía de produción.

Na nosa Comunidade hai máis de 61.000 explotacións de carne e supéranse as 400.000 toneladas de produción. En canto á industria cárnica, esta aglutina a 192 empresas de transformación, que dan emprego a 4.601 traballadores e facturan arredor de 1.400 millóns de euros ao ano.

No caso concreto do vacún de carne, contamos cun total de 19.537 explotacións en Galicia -incluíndose explotacións de cebo, explotacións de reprodución para carne e de reprodución mixta- que teñen unha media de 22 animais cada unha delas.

Respecto do valor da produción de carne de bovino en Galicia, este ascende a 513 millóns de euros, o que representa o 14,1% do valor da produción final agraria da nosa Comunidade.

Desta produción, unha parte moi importante, como se dixo, está certificada coas indicacións xeográficas protexidas Carne de vacún de Galicia, ao abeiro da IXP Ternera Gallega e Vaca Gallega e Buey Gallego. Lembremos que no ano 2020, entre ambas IXP, certificáronse case 100.000 canais, producíronse 22.748 toneladas de carne por un valor económico estimado de 126.700.000 euros e representan o 55% de toda a carne española con indicativo de calidade.

Por outra banda, lembremos que a sustentabilidade do sector bovino de carne en Galicia está demostrada e as prácticas tradicionais dos nosos gandeiros son moi respectuosas co medio ambiente. Así, cómpre ter en conta que cada explotación ten base territorial asociada. Este asunto é moi transcendente xa que incide na procedencia da alimentación dos animais e no aproveitamento dos xurros como fertilizantes das súas propias terras.

Neste caso concreto, cómpre sinalar que existe un estudo do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, amparado polo propio Ministerio de Ciencia e Innovación, que constata que o uso de dexecións (xurro e esterco) para enriquecer as terras, fronte á utilización de fertilizantes minerais, non incrementa as emisións de gases con efecto invernadoiro, sempre que se utilice dentro dos límites que se establecen de carga de nitróxeno.

Como proba de que a industria cárnica española está firmemente comprometida na defensa do benestar animal, a Asociación Nacional de Industrias da Carne de España





Concello de Outeiro de Rei

(ANICE)- a maioritaria no sector- adoptou en 2019 o acordo de instalar cámaras de vídeo-vixilancia en matadoiros, con obxecto de supervisar o correcto cumprimento das condicións de benestar animal nos establecementos de sacrificio.

Este acordo traducíuse nunha solicitude formal, en outubro de 2019, á Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN), para o desenvolvemento da lexislación correspondente.

Ademais, este sector cumpre con toda a regulación relativa ao benestar animal e seguridade e calidade alimentaria elaborada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o competente na materia e que traspón as directivas que sobre estes aspectos elabóranse na Unión Europea.

Fronte a estes datos, Alberto Garzón, Ministro de Consumo do Reino de España non dubidou en afirmar, nunha entrevista concedida ao xornal británico The Guardian, que España exportaba carne de mala calidade procedente de animais maltratados (“... *they export this poor quality meat from these ill- treated animals*”). Unhas declaracións que como puidemos ver, revisando os datos publicados polo propio goberno, son rotundamente falsas e demostran ou a profunda ignorancia deste membro do gabinete ou o seu abismal sectarismo ou ambas as cousas á vez.

En todo caso, non é a primeira vez que Alberto Garzón ataca un dos eidos alimentarios máis importantes do noso país e desprestixia a un sector que leva anos adaptándose aos novos estándares de sustentabilidade ambiental, benestar animal e calidade alimentaria, que dá traballo a miles de familias e é unha ferramenta fundamental para loitar contra o despoboamento, o abandono da terra agraria e para previr incendios forestais.

Non é a primeira vez nin é o único sector produtivo español atacado polo Ministro de Consumo, xa son moitas as ocasións e os sectores que foron centro das críticas e ataques por parte dun Ministro cuxa misión é apoialos e se observa marxe de mellora poñer en marcha medidas, desde o seu departamento ou conxuntamente con outros ministerios.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei acorda:

1º. Esixir ao Presidente do Goberno a rectificación inmediata das declaracións realizadas polo Ministro de Consumo e o cesamento do mesmo polos seus reiterados ataques a un dos sectores produtivos máis puxantes do noso país, o cárnico, que leva anos





Concello de Outeiro de Rei

mellorando os seus procesos para garantir a máis alta calidade alimentaria e o benestar animal.

2º. Esixir ao Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, competente na materia, que, cos datos de que dispón, desminta inmediatamente as afirmacións do seu compañeiro de gabinete e poña en marcha unha campaña nacional e internacional de defensa e apoio ao sector gandeiro cárnico e as medidas necesarias para que devandito sector avance en sustentabilidade.

3º. Manifestar e recoñecer o gran traballo realizado polos miles de gandeiros e gandeiras, así coma dos veterinarios e enxeñeiros agrónomos, nomeadamente os profesionais galegos, para facer que o sector gandeiro cárnico se adaptase ás novas esixencias regulatorias e sociais, en materia medio ambiental, de benestar animal e calidade e seguridade alimentaria acadando os máximos estándares de calidade nas devanditas materias.

4º. Manifestar o apoio público ás reivindicacións das asociacións, plataformas e colectivos ligados ao medio rural que se manifestarán o vindeiro 23 de xaneiro en Madrid.

5º. Facer público o apoio ao sector gandeiro mediante a aprobación dunha declaración institucional por parte desta institución”.

Rematada a defensa fai uso da súa palabra a concelleira do PSdG-PSOE explicando que se poderían exponer moitas máis cifras que remarcarían o que afirman respecto á importancia da industria cárnica no noso país e por ista razón non comprende cómo presentan esta moción na que defenden o mesmo que defende o Ministro Garzón.

Afirma que as palabras do Ministro estaban cheas de alusións á bonanza da agricultura e a gandería extensiva e tamén intensiva de noso país, e nun contexto de cambio climático Garzón apoia ás explotacións familiares fronte as macro-granxas que producen produtos baratos e de mala calidade. Pero a pesares do contido das declaracións do Ministro o PP decide facer unha tradución literal e fora de contexto.

Garzón di que os españois non teñen que deixar de comer carne senón que suxire que coman bastante menos e asegurar a súa boa calidade en prol da súa saúde e do medio ambiente. Contrasta os produtos baratos e producidos en masa coa carne criada tradicionalmente.

Estas son as palabras de Garzón: “A gandería extensiva é un medio de cría de gando nun medio ambiente sostible e ten moitísimo peso en partes de España como en Asturias e parte de Castela e León, Andalucía e Extremadura”.





Concello de Outeiro de Rei

Isto é sostible, o que non é sostible en absoluto son esas chamadas macro-granxas e de aquí sae a súa cita -dirixíndose ao Alcalde- buscan unha vila nunha zona despoboadada de España e levan 4.000, 5.000 e 10.000 cabezas de gando. Contaminan o solo, contaminan a auga e despois, coma dí Garzón: “exportan esa carne de mala calidade destes animais maltratados”.

Coa simple lectura da entrevista poderían decatarse que todo é unha manipulación e un bulo que seguen alimentando ata día de hoxe. Dous meses despois da realización desa entrevista que foi en decembro de 2021.

A concelleira prega aos representantes do PP que deixen de manipular. Non pode entender que pidan o cesamento dun Ministro que en todo momento se puxo de parte da gandería predominante en Galicia. Pidelles que lean esa entrevista e non cometan o erro de apoiar as macrogranxas.

Un último dato: unha reportaxe cuxa orixe de estudo era o Reino Unido di que as vinte granxas das empresas multinacionais de gandería industrial europea emiten gases invernadeiro que son as tres cuartas partes de CO2 que se emite en España en todo un ano ou a metade do que emiten Italia, Francia ou Reino Unido.

O Alcalde afirma que o PP defende a calidade alimentaria e o benestar animal. En España non hai macrogranxas e en Galicia tampouco. A macrogranxa non sabe ónde está definida como tal.

O problema non está no número de cabezas de gando que ten unha granxa, senón en qué condicións se atopa o gando e qué medidas correctoras se adoptan para protexer o medioambiente.

E si a normativa non regula axeitadamente as condicións que deben cumprir as granxas para garantir o benestar animal e a protección do medioambiente, o que ten que facer o Ministro é promover unha regulación responsable, pero o que non pode facer baixo ningún concepto é criticar a un sector nacional nun país extranxeiro.

Polo tanto, o Ministro debe dimitir; o Presidente debe cesalo e o Ministro de Agricultura debería tomar cartas no asunto para que esta situación se clarifique, xa que a carne española é de calidade.

Sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal do PP para esixir ao Goberno de España o cese inmediato do Ministro de Consumo polos sus ataques á gandería e ao sector cárnico español.





Concello de Outeiro de Rei

Realizada a votación a moción queda aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do PP; un voto en contra emitido pola concelleira do PSdG-PSOE e as abstencións dos concelleiros do BNG.

9-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE DE APOIO Á GANDERÍA.

A concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

“A Concelleira M^a del Carmen Acacio López na súa condición de voceira do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA do Concello de Outeiro de Rei ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986), presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN APOIO Á GANDERÍA

A agricultura e a gandería son actividades xeradoras de bens públicos, que contribúen á vertebración do territorio, á xeración de emprego en zonas con escasas alternativas económicas e á conservación do medio ambiente.

Neste sentido, a sostibilidade das explotacións agrícolas gandeiras pasa por acadar un grao de rendibilidade suficiente que, en ocasións, dependendo del sector (capacidade de aportar valor engadido) e das características do territorio, só se consegue sobre a base da economía de escala y da dimensión.

O desenvolvemento da gandería nos vindeiros anos, tanto no contexto europeo como no internacional, virá marcado polo maior esforzo para incrementar su sostibilidade medioambiental, a súa achega á mitigación do cambio climático e a súa resiliencia fronte ao mesmo.

En calquera caso debe quedar clara a aposta do Goberno de España polas explotacións familiares que contribúen de maneira tan importante ao mantemento dun medio rural vivo e a fixar a poboación no campo. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación debe traballar en colaboración cos representantes dos sectores e das CCAA na procura do equilibrio necesario e do crecemento sostible e modernización das nosas explotacións, tanto a través das correspondentes normas de ordenación nos distintos sectores gandeiros, como no marco Comunitaria do futuro Plan Estratéxico Nacional da Política Agraria.

Debe sinalarse que son precisamente os sectores gandeiros, máis dinámicos e tecnificados, os que en maior medida están contribuíndo á xeración de emprego e á incorporación da mocidade á tecido social do medio rural actividade agraria e en





Concello de Outeiro de Rei

consecuencia vivo. Os condicionantes de tamaño ao mantemento do son particularmente delicados no sector vacún, dada a súa maior vulnerabilidade económica.

A gandería española supón unha actividade de gran relevancia económica aportando 20.232 millóns de euros á economía española, o 38% da produción final agraria, onde España se sitúa entre as principais potencias gandeiras europeas.

No desenvolvemento desta actividade conviven dous modelos claramente diferenciados, o extensivo e o intensivo dando lugar a produtos gandeiros de alto valor e calidade onde cabe destacar que a produción de porcino de carne representa o 43,04% da produción final gandeira, a carne de vacún o 15,22%, a carne de aves o 12,36%, a carne de ovino e caprino o 5,5%, a produción de leite o 16,27% e a produción de ovos o 5,77%. Así mesmo cabe citar outras producións gandeiras minoritarias que gozan de valor estratéxico tales como a produción de carne de coello ou de equino e a apicultura.

Dentro da actividade gandeira, destaca a industria cárnica, que é o cuarto sector industrial do noso país, constituído por un tecido industrial dunhas 3.000 empresas, distribuídas por toda a xeografía española, especialmente en zonas rurais. Aínda que unha parte significativa do sector son pequenas e medianas empresas, isto non impediu o paulatino desenvolvemento e consolidación de grandes grupos empresariais, algúns deles líderes a escala europea. Ocupa o primeiro lugar de toda a industria española de alimentos e bebidas, representando una cifra de negocio próxima a los 27.000 millóns de euros, o 22,6% do conxunto do sector alimentario español.

Esta cifra de negocio supón o 4,2% da facturación total de toda a industria española xerando cerca de 97.000 postos de traballo directos, o 23,8% da ocupación total da industria alimentaria española. Un dato moi relevante é que a industria cárnica exportou máis de 3,2 millóns de toneladas de carnes, despoxos e produtos elaborados de todo tipo, acadando un valor de 8.680 millóns de euros en 2020.

España é unha potencia mundial na produción de carne, cun papel moi destacado no mercado comunitario, onde é o primeiro produtor de carne de ovino, o segundo de porcino, o segundo produtor de carne de ave e o cuarto produtor de carne de vacún. Esta vertente refórzase incluso no eido gandeiro, sendo España o primeiro produtor de porcino de la UE no que respecta ao censo de animais.

Ademais da produción cárnica, tamén cabe destacar a importancia do sector lácteo en España. A cadea de produción, transformación e comercialización do sector lácteo (vacún, ovino e caprino) é de gran relevancia no marco do panorama agroalimentario español, facturando en torno a 13.000 millóns de euros ao ano e xerando máis de 60.000 empregos directos.

Por todo o anterior, o Grupo Socialista de Outeiro de Rei presenta a seguinte iniciativa:





Concello de Outeiro de Rei

O Pleno de Outeiro de Rei insta ao Goberno de España a seguir traballando en:

1. Apoiar unha gandería, tanto extensiva como intensiva, que siga sendo motor de desenvolvemento no medio rural, e especialmente ás explotacións familiares e profesionais que contribúen a xerar emprego, ademais de fixar poboación e tecido empresarial nas nosas vilas e aldeas.

2. Impulsar una gandería sostible en liña co Pacto Verde Europeo e as estratexias europeas “Da Granxa á Mesa” e “Biodiversidade”, tanto a través de mecanismos normativos como de fomento, apoiando e acompañando aos gandeiros e gandeiras nas inversións necesarias para mellorar a sostibilidade e rendibilidade.

3. Reforzar xunto ás Comunidades Autónomas os plans de control do cumprimento dos requisitos, para que aqueles gandeiros que cumpren no vexan prexudicados por quen non cumpren coa normativa ambiental, de benestar animal, de tamaño de explotacións, etc.

4. Fomentar e promover a calidade e a exportación dos nosos produtos agroalimentarios, que responden aos estándares máis altos a nivel internacional; abrindo novos mercados e apoiando a promoción dos alimentos españois, entre eles os produtos gandeiros, fóra das nosas fronteiras”.

Rematada a defensa fai uso da súa palabra o Alcalde, que afirma que poderían opoiar esta moción cambiando que “o Pleno de Outeiro de Rei insta ao Goberno a cambiar a política de defensa do sector agrario especialmente do cárnico”.

Asmade, no punto 3 deberíase eliminar o seguinte texto “reforzar xunto coas CCAA os plans de control de cumprimento dos requisitos para que aquelas ganderías que cumplan non se vexan perxudicadas por quen non cumpren”.

Non entenden que haxa quen non cumpre, xa que correspondente ao Goberno garantir o cumprimento. Propoñen sustituílo por “reforzar xunto coas CCAA os plans de control de cumprimento dos requisitos sanitarios, medio ambientais e de control de calidade alimentaria” e eliminar o resto.

De aceptar tales modificacións apoiarían a moción.

A concelleira do PSdG-PSOE intervén dicindo que está de acordo con cambiar o punto 3 como dixo, pero non o primeiro cambio que propón.

Sostén a moción tal como está, insite en que o Sr. Garzón non atacou a un sector, atacou ás macrogranxas que é algo contra o que se está loitando. É normal e lóxico. Se queren que a gandería extensiva continúe hai que ir en contra das macrogranxas de 10.000, de 5.000 cabezas de gando.

Sométese a votación a moción do grupo municipal do PSdG-PSOE de apoio á gandería.





Concello de Outeiro de Rei

Realizada a votación, a moción queda rexeitada cun voto a favor da concelleira do PsdG-PSOE; sete votos en contra dos concelleiros do PP e dúas abstencións dos concelleiros do BNG.

A continuación o Alcalde intervén pedindo ao Sr. Secretario que dé lectura, en viva voz, do informe xurídico emitido o 14 de xaneiro de 2022 en resposta ás cuestións plantexadas no escrito presentado polos concelleiros dos grupos municipais do PsdG-PSOE e máis do BNG, en relación á solicitude de declaración do proxecto de rehabilitación de edificacións existentes en el casco histórico de Outeiro de Rei, a fin de ser destinadas a hotel apartamento y local de actividades complementarias de especial interés o utilidad municipal por concurrir circunstancias culturales, e de fomento del empleo, aos efectos do disposto no artigo 74 e 103 TLLHL, así coma nas ordenanzas Ordenanzas fiscais reguladoras do Imposto de Bens Inmobles de Natureza Urbán, Imposto de Construccións, Instalacións e Obras, Imposto de Actividades Económicas, e Taxa por expedición de licencia urbanísticas de actividade, primeira utilización e realización de actividades administrativas de control.

O Secretario da lectura en viva voz de dito informe.

Rematada a lectura, o alcalde volve a facer uso da súa palabra dicindo que este informe foi solicitado extemporáneamente e, polo tanto, non existía a obriga de emitilo. Non obstante, para despexar calquer dúbida sobor a adecuación á legalidade da actuación municipal, ordeou a súa emisión e a súa lectura pública.

Roga ao Sr. Secretario entregue copias de dito informe aos grupos municipais para que queden informados e solicita aos membros da corporación que, para outra ocasión se realmente queren pedir un informe o pidan coa antelación suficiente á sesión plenaria onde se deba tratar o asunto.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo ás quince horas e vinte minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do sr. Alcalde.

O Secretario

VºPº; O Alcalde

